

NORMATIVA DE COMPETICIÓN

2023

ÍNDICE

Obxectivos.....	1
Art. 1 – Participantes ALN.....	1
Art. 2 – Premios e reparto.....	3
Art. 3 – Calendario da Liga.....	7
Art. 4 – Clasificación da Liga e puntuación.....	8
Art. 5 – Puntuación en supostos de incidencia.....	9
Art. 6 – Licencias, cesións e dereitos de formación.....	10
Art. 7 – Sistema de competición.....	13
Art. 8 – Entrega de bandeiras de competición.....	13
Art. 9 – Actos protocolarios: Presentación e Clausura da LGT – Elementos divulgativos da regata.....	13
Art. 10 – Comité de Competición.....	14
Art. 11 – Remeiros/as propios/as e Non propios/as.....	16
Art. 12 – Controis antidopaxe.....	17
Art. 13 – Cambios de Normativa.....	17
Normativa específica para dúas ligas.....	18
Disposición derogatoria única.....	20
Disposicións finais.....	20

OBXECTIVOS

A Liga Galega de Traiñeiras (LGT) é unha competición organizada pola Asociación Liga Noroeste (ALN) coa finalidade de fomentar o remo tradicional en Galicia e está regulamentada segundo a normativa seguinte.

Artigo 1.- PARTICIPANTES ALN

a) Os clubs que cumpran os seguintes requisitos:

1. Aportar unha inscrición na conta da Asociación Liga Noroeste de 200€ pola inscrición do primeiro equipo masculino, de 200€ máis no caso de participar cun equipo B e de 200€ no caso de participar cun equipo feminino. Os prazos para os pagos son os seguintes:

50% ANTES DO 10 DE FEBREIRO DO ANO EN CURSO PARA CLUBS DE LIGA A.

50% ANTES DO 10 DE MARZO DO ANO EN CURSO PARA CLUBS DE LIGA B E LIGA FEM.

Así mesmo, deberase indicar por escrito que o club socio quere participar na LGT, en caso de non indicalo o club será socio da ALN pero non participante da LGT.

2. Estará afiliado a Federación do ámbito territorial da Asociación Liga Noroeste (Federación Galega de Remo).

3. Cumprir a normativa de aplicación na LGT e tódolos acordos que se adopten pola Asemblea da ALN, así como as decisións dos órganos competitivos e disciplinarios competentes.

4. Aqueles clubs afiliados á Federación Asturiana de Remo e invitados por maioría da Asemblea Xeral da ALN que contén coa autorización da Federación Galega de Remo. Estes clubs deberán aportar unha cota de inscrición de 2.400,00€ que deberán ser abonados nos mesmos prazos que os establecidos para a cota xeral. Estes clubs non deberán poñer fianza.

5. Prohíbese aos técnicos, directivos e deportistas de calquera ámbito, a súa inscrición ou participación dalgún xeito na LGT cando, por mor dunha sanción deportiva disciplinaria firme, ou por sanción de calquera organismo competente (Federación Deportiva, CSD, Tribunais Administrativos de Xustiza Deportiva, Ligas de remo ou Tribunais de xustiza ordinarios) relacionada cun asunto vinculado ó deporte, teñan prohibido competir.

6. Aportar unha fianza na conta da Asociación Liga Noroeste de 2.200€ pola inscrición de cada un dos equipos. Os prazos de pago serán os mesmos que os recollidos na cota social. Esta fianza será devolta ao final do ano en curso, toda vez que o equipo participe activamente na Liga Galega de Traiñeiras.

No caso de que un club non se presentase a dúas regatas, a devolución da fianza reducirase nun 50% do que lle correspondese. No caso de non presentarse a tres ou máis regatas da Liga, o club perderá a fianza.

b) Obrigas dos integrantes da LGT:

1. Os clubs inscritos na LGT, Liga A, terán que aportar primeiro unha pre-lista, e máis tarde unha lista definitiva segundo modelo oficial. Constarán nela tódolos deportistas que participarán na tempada, entregándoa á Asociación nos prazos indicados na presente Normativa. O resto de clubs inscritos na LGT tan só deberán aportar a lista definitiva.

2. Os clubs inscritos en mais dunha liga: (ACT <> LIGA A, ACT <> LIGA B, ou LIGA A <> LIGA B) poderán inscribir 6 deportistas en ambas competicións, dos cales ata 4 poderán remar nunha mesma regata, ata un máximo do 25% das regatas do calendario da Liga A.

3. Os clubs participantes na LGT comprométense a acudir a tódalas regatas organizadas por esta e aos actos protocolarios tales como Presentación e Clausura, previa aprobación das datas destes actos nunha Asemblea de socios.

4. Permítese que un club participe con dúas embarcacións.

As condicións que deberá cumprir cada unha das embarcacións serán as mesmas que se fosen dous clubs distintos, coa diferenza de que non pode haber dúas embarcacións dun mesmo club na mesma liga, e o descenso do equipo da Liga A supón a non posibilidade de competir co equipo de Liga B.

No caso de clubs da ACT, aplicaríase o mesmo criterio, e si descende un ACT, implicaría que o da Liga A, descendería á Liga B.

5. Tódolos clubs da Liga Galega de Traiñeiras deben organizar unha regata cos mínimos premios establecidos máis adiante. Si nun concello existise máis dun club, cada club estará obrigado de forma individual, a organizar unha regata oficial do calendario da LGT.

6. Co obxectivo de transmitir unha mellor e máis coidada imaxe da Asociación e da Liga Galega de Traiñeiras, e ademais favorecer a maior visibilidade da competición, tódolos clubs inscritos deberán, de maneira obrigatoria, incluír nas súas traiñeiras as seguintes pegatinas:

De popa a proa: Logo LGT > Logo Xunta de Galicia e/ou outro patrocinador (entidade privada, que pola relevancia do importe do patrocinio mereza aparecer en tódalas embarcacións da competición). As pegatinas serán subministradas pola Asociación Liga Noroeste quen notificará das súas dimensións.

7. Os clubs socios da ALN deberán remitir a súa Normativa de Regata xunto coa solicitude final de regata. Detallarse nela un informe comprensivo dos planos do campo de regatas, horarios e de situación e descrición das distintas áreas que se requiran pola Normativa de Competición e Código de Regatas, ou calquera outros espazos ou dotacións que sexan requiridas nas regulamentacións da LGT. A Normativa de Regata só se poderá modificar previa solicitude e aceptación por parte do Comité de Competición, cunha antelación de 20 días naturais antes da regata.

Artigo 2.- PREMIOS E REPARTO

- 2.1. O "Gran Premio Xunta de Galicia de Traiñeiras", consistirá no importe acordado de parte da cantidade económica que achega a Secretaría Xeral para o Deporte ou organismo que o substitúa, como remate en subvencións.
- 2.2. Ademais, como trofeo o gañador da Liga Galega de Traiñeiras, premiarase coa entrega da "Bandeira Gran Premio Xunta de Galicia de Traiñeiras", establecéndose para o seu deseño e confección da bandeira as seguintes características:
As medidas serán de 120cm de alto por 170cm de ancho.
A bandeira, bordada, será a institucional de Galicia, con a lenda (incluírá a edición en números romanos) "Bandeira Gran Premio Xunta de Galicia de Traiñeiras", en semicírculo rodeando o escudo de armas do Reino de Galicia e o ano en díxitos na parte baixa de dito escudo. Confeccionada en tela de raso brillante, sen fleco e con vaina para pasar o mastro de madeira de 220cm de largo e 29 mm de diámetro, con acabado en punta de bola metálica dourada.
- 2.3. O "Gran Premio Xunta de Galicia de Traiñeiras" repartirase entre os clubs galegos pertencentes a ALN, en función da clasificación final da Liga Galega de Traiñeiras.

2.4. A cantidade que se repartirá entre os clubs participantes na Liga Galega de Traiñeiras será a diferenza entre a devolución da fianza e o 70% do total da subvención concedida para a tempada pola Secretaría Xeral para o Deporte ou organismo correspondente. A porcentaxe poderá variar segundo acordo da Asemblea Xeral da ALN e ratificada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

2.5. Para o reparto do "Gran Premio Xunta de Galicia de Traiñeiras", apróbase un sistema de formulas matemáticas, que será válido para calquera número de participantes, e para calquera contía económica a repartir, de xeito que fixando estes dous valores, o resto sexa simplemente calcular o importe que lle corresponde a cada equipo:

Premio do N clasificado (derradeiro) Premio A

Premio do N-1 clasificado (penúltimo) Premio B = 1,01 A

Premio do N-2 clasificado (antepenúltimo) Premio C = 1,01 B + 0,5 x (B-A)

Premio do N-3 clasificado Premio D = 1,01 C + 0,5 x (C-B)

Premio do 11 clasificado Premio J = 1.02 I + 0,5 x (I-H)

Premio do 5 clasificado Premio Q = 1.03 P + 0,5 x (P-O)

Premio do 4 clasificado Premio R = 1.03 Q + 0,5 x (Q-P)

Premio do 3 clasificado Premio S = 1.03 R + 0,5 x (R-Q)

Premio do 2 clasificado Premio T = 1.03 S + 0,5 x (S-R)

Premio do 1 clasificado Premio U = 1.05 T + 0,5 x (T-S)

2.6. No caso de que un club non se presentase a dúas regatas, o premio reducirase nun 50% do que lle correspondese.

2.7. No caso de non presentarse a tres ou mais regatas da Liga, o club no terá dereito a ningunha cantidade e non poderá participar no resto de regatas da LGT da tempada en curso.

2.8. As cantidades que deixen de percibir algún dos clubs, repartiranse de forma proporcional entre o resto dos clubs.

2.9. No caso de que un club teña unha débeda coa ALN ou algún asociado non poderá percibir o premio.

- 2.10. A ALN repartirá o importe acordado da cantidade concedida como subvención do "Gran Premio Xunta de Galicia de Traiñeiras" os (7) días naturais seguintes, dende que se faga efectivo o ingreso a ALN da cantidade total concedida para a tempada pola Secretaría Xeral para o Deporte ou organismo correspondente.
- 2.11. De ser esta data posterior o 30 de novembro, se un club aínda non pagara os premios da súa regata, non se fará efectivo o pago ata que dito club teña aboado os premios.
- 2.12. Ademais, como trofeo os gañadores das regatas, premiaranse coa entrega dunha bandeira, establecéndose para o seu deseño e confección as seguintes características:
As medidas mínimas serán de 100cm de alto por 150cm de ancho.
A bandeira, bordada, será de deseño libre, con a lenda correspondente á denominación da regata e a súa edición. Confeccionada en tela de raso brillante, con ou sen fleco e con vaina para pasar o mastro de madeira de 220cm de largo e 29mm. de diámetro, con acabado en punta de bola metálica dourada.
- 2.13. As regatas que forman parte da LGT deberán cumprir os seguintes requisitos:
- a) O premio mínimo para a Liga A serán 9.000€. O premio mínimo para as regatas de Liga B oscilará segundo o seu número de participantes, deste xeito: ≥ 10 clubs = 6.000€, 9 a 7 clubs = 5.000€, ≤ 6 clubs = 4.000€.
Os premios para a Liga Feminina serán os mesmos que os dos primeiros clasificados da Liga A masculina. Así, o 1º clasificado da Liga Feminina cobrará o mesmo que o 1º clasificado da Liga A e así sucesivamente. O premio da Liga Feminina será a suma dos premios correspondentes desde o 1º clasificado ata o número total de tripulacións participantes. Cando a categoría feminina estea completada por un número de 12 clubs o premio mínimo será entón de 9.000€.
- b) O reparto de premios realizarase segundo o baremo que se reflexa a continuación deste apartado, e deberá ser ratificado ou modificado cada ano na Asemblea da Asociación Liga Noroeste, no momento de aprobación do calendario para a tempada. Os premios deberán aboarse antes do 30 de novembro de cada ano; en caso de non facelo, a regata perde a súa antigüidade e o club organizador asume a débeda coa Asociación Liga Noroeste. A débeda será incrementada polos intereses legais aplicables (Lei 15/2010) ata que realicen ese pago. Ademais dito club non terá voto nas Asembleas da ALN mentres manteña dita débeda.

Reparto de premios en regatas da LGT en función do número de participantes:

Nº Participantes:	7	8	9	10	11	12
1º	18,5%	17,0%	14,0%	13,5%	13,0%	12,0%
2º	16,5%	15,0%	12,5%	12,0%	11,5%	11,0%
3º	15,0%	13,0%	12,0%	11,0%	10,5%	10,0%
4º	13,5%	12,0%	11,5%	10,5%	9,5%	9,0%
5º	12,5%	11,5%	11,0%	10,0%	9,0%	8,5%
6º	12,0%	11,0%	10,5%	9,5%	8,5%	8,2%
7º	12,0%	10,5%	10,0%	9,0%	8,0%	7,8%
8º		10,0%	9,5%	8,5%	7,5%	7,2%
9º			9,0%	8,0%	7,5%	6,8%
10º				8,0%	7,5%	6,5%
11º					7,5%	6,5%
12º						6,5%

c) A invitación ás regatas deberá ser a tódolos clubs inscritos na mencionada liga.

d) Ademais das regatas obrigatorias, poderanse incluír no calendario outras regatas nas que a contía dos premios poderá ser igual ou superior á establecida regulamentariamente para as regatas que os clubs están obrigados a organizar. A Asemblea da ALN poderá establecer, polo seu propio interese, una contía de premios distinta, sempre e cando sexa aprobada en Asemblea polos membros da Liga á que pertencen (A, B ou Feminina) e ratificado posteriormente pola Asemblea Xeral da ALN.

e) Os clubs que sexan debedores da ALN, mentres a débeda siga existindo, non poderán inscribir nas tempadas seguintes clubs "B" do socio debedor. Serán clubs "B" aqueles con identidade de obxecto, domicilio, directiva e deportistas que o socio debedor e os clubs "ex novo" creados con tal fin que teñan as características anteriores.

f) As regatas a dobre xornada deberán contemplar os premios mínimos máis o 66% do total. Deberán levar a mesma nomenclatura en ámbalas dúas xornadas.

g) Aqueles clubs que por calquera circunstancia resultasen descualificados ou fora de regata nunha competición percibirán o importe correspondente ao derradeiro clasificado. No caso de darse esta situación en dous ou máis clubs, sumaranse os premios correspondentes aos derradeiros clasificados e repartiranse equitativamente entre os clubs implicados.

Artigo 3.- CALENDARIO DA LIGA

Establécense dous prazos para a elaboración do calendario de regatas:

- 3.1. Ata o 15 de marzo inclusive, tódolos clubs interesados deberán aportar en sobre pechado, ante a Asemblea, a súa solicitude inicial de data da regata, o importe da mesma e a opción de televisión, mediante aval de patrocinador ou compromiso de pago asumido polo club. En caso de coincidir o importe e data de dúas propostas, adxudicarase o día a aquel club coa maior antigüidade. No caso de coincidir a mesma data, importe e antigüidade, adxudicarase o día a aquel equipo co mellor posto na clasificación xeral da tempada anterior. No caso de coincidir Bandeiras de diferente categoría, terá preferencia a antigüidade daquel club de maior categoría.
As aportacións en premios serán sempre múltiplos de 1.000,00€.
- 3.2. O resto de propostas de regatas faranse ata o 30 de marzo, data na que se publicará o calendario definitivo.
- 3.3. No momento de confeccionar o calendario definitivo de regatas, cada club xunto coa solicitude final de regata deberá remitir a Normativa de Regata segundo o formulario oficial, especificando o seguinte:
Data, nome da regata, lugar de celebración, patrocinadores, horarios, modalidade e sistema de competición (rúas, largos e quendas), mapa de ubicación e mapa de aparcamento.
- 3.4. No momento de aprobación do calendario aprobarase pola Asemblea, a proposta dos clubs ou da directiva, os baremos de reparto de premios de cada regata.
- 3.5. Os calendarios de competición serán aprobados polos clubs participantes dentro de cada competición. Así, o calendario de Liga A será aprobado polos clubs integrantes da Liga A, o calendario da Liga B polos clubs da Liga B e o da Liga Feminina polos clubs da Liga Feminina.

Non obstante, o calendario final deberá ser ratificado e aprobado pola maioría dos socios da ALN. Así mesmo calquera modificación posterior á aprobación do calendario terá que aprobarse pola maioría dos socios.

Artigo 4.- CLASIFICACIÓN DA LIGA E PUNTUACIÓN

- 4.1. A clasificación final da LGT realizarase mediante un sistema de puntuación a través dunha clasificación.
- 4.2. Para confeccionar a clasificación da LGT computaranse unicamente as regatas que teñan a consideración de puntuables no calendario da tempada.
- 4.3. En cada unha das regatas puntuables concederase unha puntuación a cada club participante, segundo o número de participantes, outorgando ó primeiro clasificado tantos puntos como clubs participen, e decrecendo ata o último clasificado ao que se lle asignará un punto.
- 4.4. Ao final de cada regata puntuable, e á vista dos puntos obtidos, confeccionarase unha clasificación provisional da LGT, sendo o 1º clasificado o club que máis puntos lograra e así sucesivamente.
- 4.5. Empates.
 - 4.5.1. Para a confección da clasificación xeral da LGT á finalización da mesma ou á finalización de cada regata, no caso de empate a puntos, procederase de conformidade aos seguintes supostos aplicados correlativamente:
 - a) Maior número de vitorias nas regatas puntuables: sexa cal fose o número de clubs empatados, ocupará mellor posición entre os clubs empatados, aquel que obtivera maior número de vitorias nas regatas puntuables.
 - b) Maior número de segundos, terceiros, cuartos postos e así sucesivamente, nas regatas puntuables: sexa cal fose o número de clubs empatados, ocupará mellor posición entre os clubs empatados, aquel que obtivera maior número de segundos, terceiros, cuartos postos e así sucesivamente, nas regatas puntuables.
 - c) Mellor clasificación na última regata puntuable: despois de aplicar os anteriores criterios, se persistise o empate, tomarase como referencia o resultado da última regata puntuable celebrada, ocupando mellor posición aquel club que obtivera mellor clasificación nesta última regata puntuable.

d) Sorteio entre os empatados: Procederáse mediante sorteio si se producise unha chegada exequo na última regata entre os clubs empatados. A forma do sorteio decidirase polos clubs e celebrarase inmediatamente despois do remate da última regata coa presenza dos membros do Comité de Regata.

4.5.2. No caso de que dous ou máis clubs participantes nunha regata finalizasen exequo, a efectos da clasificación da LGT, concederáselles a mesma puntuación. O número de puntos concedidos será o do mellor posto dos clubs empatados, respectando os postos e puntuacións dos demais clubs.

Os premios que puideran corresponderlles os clubs que finalizasen exequo nunha regata serán distribuídos a partes iguais entre eles.

4.5.2.1. Se á finalización "exequo" dunha regata afectase o primeiro posto na mesma, resultara vencedor, aos únicos efectos da entrega da bandeira, aquel club que ocupara unha mellor clasificación na LGT ata ese momento, isto é, sen contar a regata na que se produce dita situación. Se esta situación se producira na primeira regata, terase en conta a clasificación da tempada anterior.

Artigo 5.- PUNTUACIÓN EN SUPOSTOS DE INCIDENCIA

5.1. Suposto de exclusión ou descualificación dun club nunha regata, concederanse cero (0) puntos.

5.2. Suposto de non conclusión dalgún club nunha regata por causas xustificadas (accidentes) imputables a terceiros alleos ao club en cuestión, concederáselle unha puntuación equivalente á media dos puntos obtidos por ese club nas regatas puntuables disputadas esa tempada. No caso de tratarse da primeira regata concederase unha puntuación igual á metade dos participantes.

A apreciación e valoración das causas incluídas neste epígrafe serán valoradas polo Comité de Regatas. Con carácter xeral, entenderase que concorre un suposto de non conclusión dunha regata, por causas xustificadas (accidente) e imputables a terceiros, alleos ao club, cando a unha tripulación participante se lle impida finalizar a quenda por mediar:

- Incidencias no campo de regatas imputables á organización.
- Accións cometidas por terceiros, alleas á competición.

- 5.3. Suposto de abandono dunha regata por causa xustificada pero non imputable a terceiros, concederanse cero (0) puntos.

A apreciación das causas incluídas neste epígrafe as valorará o Comité de Regatas. Con carácter xeral, entenderase que concorre un suposto de abandono dunha regata por causa xustificada, pero non imputable a terceiros, cando a non finalización dunha quenda tivera relación con elementos materiais (embarcación, remos, etc) e persoais de cada club (remeiros/as, patrón/a, etc) ou coa natureza (climatoloxía, estado do mar, etc).

- 5.4. Suposto de incomparecencia nunha regata, concederanse cero (0) puntos.

Artigo 6.- LICENCIAS, CESIÓNS E DEREITOS DE FORMACIÓN

- 6.1. Tódolos clubs deberán ter tramitadas e na súa posesión as preceptivas licencias federativas (Ficha), que acreditarán que os remeiros/as que forman parte da tripulación, son os inscritos na folla de inscrición.

- 6.2. Categorias: Os remeiros/as inscritos na LGT serán de categoría xuvenil, sénior e veterano.

- 6.3. Relación de fichas:

- 6.3.1. Os clubs participantes na Liga A deberán facer entrega dunha pre-lista ata o día 15 de febreiro, inclusive. Nela deberán figurar un mínimo de 14 deportistas con licencia en vigor polo seu club, ou pola contra, coas cartas de cesión pertinentes para competir no seu club dentro da LGT.

- 6.3.2. A inscrición de remeiros/as segundo o formulario oficial e a súa fotografía será publicada na web da ALN nun prazo máximo de 7 días hábiles trala recepción do listado definitivo de remeiros/as por parte dos clubs. O número máximo de remeiros/as inscritos por cada club será de 22, transcorrido dito prazo se un club non cubriu as 22 fichas, poderá inscribir novos remeiros/as, con data límite o día da última regata de xullo, sempre que presenten a solicitude cunha antelación mínima de 3 días naturais, de tal xeito que dende a ALN se poidan facer as comprobacións pertinentes, sexan informados tódolos clubs participantes, e se proceda a súa alta no listado de remeiros/as. En calquera caso, ese novo remeiro non poderá participar nunha regata ata pasados tres (3) días naturais dende a notificación da súa inscrición no listado de remeiros/as por parte da ALN.

- 6.3.3. Un club poderá tramitar a baixa de tres remeiros/as sen ningunha xustificación, con data límite o día da última regata de xullo, podendo substituílos por novos remeiros/as. Igual que no apartado anterior, terán que transcorrer tres (3) días naturais dende a notificación da súa inscrición no listado de remeiros/as por parte da ALN, ata que poidan participar nunha regata.
- 6.3.4. Os prazos establecidos contarán dende as 00:00h do día seguinte á notificación da inscrición por parte da ALN.
- 6.3.5. Non se poderán ceder remeiros/as inscritos por un club da LGT a outro club da LGT, en caso que ese remeiro xa disputara algunha regata de liga.
- 6.3.6. De ocorrer unha circunstancia excepcional, pola que un club necesitara inscribir remeiros/as fora de prazo para poder competir, convocaríase unha Asemblea extraordinaria para decidilo.
- 6.3.7. Completarase o deseño da relación de remeiros/as inscritos, onde se xustifique a condición de propio canteirán, propio ou non propio.
- 6.3.8. En casos de especial relevancia solicitarase á FEGAR certificación que acredite a condición do deportista.
- 6.3.9. Estes datos estarán expostos na páxina web da Liga seguindo o previsto na LOPD.

6.4. DEREITOS DE FORMACIÓN.

- 6.4.1. Os dereitos de formación xeraranse coa pertenza dun remeiro en categorías base nun mesmo club e estes valóranse en 500 euros por tempada, establecendo un máximo de 6 (a partir dos 13 anos aos 18 cumpridos no ano). A partir do 1º ano de sénior dun remeiro con dereitos de formación, baixarase a valoración dos dereitos en 500€ por ano, e sempre valorarase unha cantidade mínima de 500€. No caso dun remeiro que teña ficha por dous clubs na mesma tempada, farase valer a ficha co club participante na LGT. Asemade, o remeiro sénior que teña a súa primeira ficha de remo, xerará un valor por dereitos de formación de 500€.
- 6.4.2. Se un remeiro é cedido na mesma tempada a un segundo club, o titular dos dereitos seguirá sendo o club cedente, independentemente da categoría do remeiro/a, tal forma que un remeiro/a xuvenil non poderá ser considerado canteirán dun club ao que foi cedido.

- 6.4.3. Os dereitos de formación extinguiranse se o remeiro non ten ficha por ningún club durante máis de dúas tempadas, e se esta ficha non existise nun ano, baixarán os seus dereitos en 500€. Se un remeiro rema en varios clubs, os dereitos de formación que correspondan repartiranse de maneira proporcional segundo os anos que estivera en cada club ata ser sénior. No caso de que a primeira ficha sexa como sénior, dito remeiro terá un valor de 500€.
- 6.4.4. Estes dereitos de formación poderán exercelos tódolos clubs da ALN sobre os seus remeiros/as canteiráns e aplicaranse en remeiros/as de clubs da LGT para a súa participación en regatas da liga e é un acordo firmado por tódolos clubs.
- 6.4.5. Os clubs que exerzan os dereitos de formación deberán solicitalos na primeira tempada que o remeiro abandone o club e pase a ter licencia federativa sendo inscrito na LGT cun novo club. Concederáse para elo un prazo de 10 días naturais dende que se publique a lista de remeiros/as para que os reclame ao club no que se incorporou o remeiro, este terá tamén 10 días naturais para contestar. En caso de discrepancia entre clubs decidirá o Xuíz Único.
- 6.4.6. Cando un deportista ostente a condición de canteirán por dous ou máis clubs diferentes, non pode existir compensación por dereitos entre os clubs afectados xa que se entende que todos aportaron na formación do deportista.
- 6.4.7. Se un club paga polos dereitos de formación dun remeiro, estes non se extinguirán, e pasará a compensación ao que realizou o pago. Estes dereitos, como está acordado na normativa, reduciranse en 500€ por ano ata chegar á cantidade mínima de 500€, onde esta compensación polo pago dos dereitos do remeiro finalizarán. No caso de que outro club queira fichar a ese remeiro, mentres a compensación estea en vigor, terá que facerse cargo da parte restante de eses dereitos adquiridos ao club que os posúe.
- Exemplo: Se un club paga por dereitos de formación dun remeiro 2.500€, e á tempada seguinte ese remeiro cambia de club ou volve ó club de orixe, que como compensación ese club teña que abonar 2.000€. Se fose na segunda tempada, 1.500€ e así ata que remate a compensación.
- 6.4.8. Entre dúas tempadas consecutivas soamente se permitirá a incorporación de dous deportistas provindes do mesmo club membro da ALN. Excluindo deste apartado os remeiros/as que poidan demostrar que son canteiráns do club ó cal quen retornar.

Descartaranse desta exclusión remeiros/as polos que outro club pagou os dereitos de formación, xa que ese dereito prioritario perdeuse coa compensación dos mesmos, seguirá mantendo a categoría de canteirán, pero non prioridade para repescalo.

Artigo 7.- SISTEMA DE COMPETICIÓN

A Liga Galega de Traiñeiras constará das regatas que se consideren puntuables e non puntuables segundo o calendario deportivo que se aprobe.

Artigo 8.- ENTREGA DE BANDEIRAS E TROFEOS

- 8.1. A entrega de trofeos das regatas (bandeiras e maillots) farase no mar.
- 8.2. A entrega da "Bandeira do Gran Premio Xunta de Galicia de Traiñeiras" realizarase de maneira oficiosa ou oficial na derradeira regata da Liga.

Artigo 9.- ACTOS PROTOCOLARIOS PRESENTACIÓN E CLAUSURA DA LGT. ELEMENTOS DIVULGATIVOS DA REGATA

- 9.1. Os actos de presentación e clausura da LGT, son actos de obrigatoria asistencia para os clubs participantes na LGT, polo que a súa incomparecencia será sancionada se non existe motivo que a xustifique.
- 9.2. A Xunta Directiva da ALN, convocará aos clubs para que acudan aos referidos actos cun prazo mínimo de sete (7) días naturais, polos cauces habituais de notificación aos socios.
- 9.3. As regatas dos actos de presentación e clausura da LGT serán oficiais e puntuables. Estas regatas poderán estar exentas de premios. Na regata de presentación farase sorteo de quendas e calles.
- 9.4. Co obxectivo de unificar a imaxe corporativa, tanto da Asociación como da súa competición os organizadores de cada regata deberán adaptar os elementos de comunicación e divulgación da regata (dossiers, carteis, etc) ás prescricións técnicas de deseño marcadas pola ALN.

- 9.5. Aquela entidade organizadora que desexe utilizar adicionalmente soportes ou presentación fora das prescricións técnicas ao deseño establecido pola LGT, deberá comunicalo á Asociación, quen deberá autorizar ou non a proposta do organizador.

Artigo 10.-COMITÉ DE COMPETICIÓN

- 10.1. O Comité de Competición da ALN é o órgano da Asociación que ten encomendado o coñecemento e resolución de cantas cuestións se suscitaren, con carácter xeral, en relación coas competicións da ALN e, con carácter especial, en relación co previsto na presente normativa sempre que o seu coñecemento non fora encomendado a outro órgano asociativo.

FUNCIONES:

- 10.2. Corresponde ó Comité de Competición da ALN o coñecemento e resolución de:
- a) Cuestións relacionadas co calendario das competicións promovidas pola ALN.
 - b) Cuestións relacionadas cas regatas integradas no calendario da LGT.
 - c) Cuestións relacionadas con aspectos organizativos das competicións promovidas pola ALN e as regatas que esta conforman.
 - d) Cuestións relacionadas coa clasificación da LGT.
 - e) Cuestións relacionadas cos participantes na LGT, ben se trate de clubs, ben se trate de deportistas. En especial, corresponde ó órgano de competición da Asociación tanto a cualificación de todo deportista adscrito ás competicións promovidas pola ALN como a validación das listas de deportistas presentadas por cada club.
 - f) Cuestións relacionadas coa presente Normativa e a Normativa de Regatas e o seu coñecemento non fora encomendado a calquera outro órgano asociativo. En concreto, corresponde ao órgano de competición o coñecemento e resolución de conflitos que sobre o contido da presente normativa puideran xerarse, ben sobre a súa interpretación, ben como consecuencia da inexistencia dunha disposición que contemple un suposto do feito plantexado.
- A realización das funcións descritas neste artigo, o Comité de Competición da ALN, poderá contar coa colaboración e asistencia dos servizos administrativos e xurídicos da Asociación.

10.3. A composición do Comité de Competición da LGT estará formada por dous dos cinco membros que conforman a Xunta Directiva e un club a sorteo do resto dos membros. Este sorteo terá lugar na Asemblea na que se aprrobe o calendario definitivo de competición, agás que haxa algún club voluntario para formar parte deste comité, en cuxo caso, non habería sorteo.

Tamén cabe a posibilidade de que o Comité de Competición estea formado por persoas alleas á ALN, sempre que sexan competentes no ámbito xurídico (xuíces ou avogados).

RESOLUCIÓNS:

10.4. As decisións do Comité de Competición da ALN serán adoptadas polo acordo favorable da maioría dos seus membros.

10.5. As resolucións do Comité de Competición da ALN serán motivadas e deberán ser comunicadas a quen tiveran a condición de interesados en relación coas mesmas.

APELACIÓNS:

10.6. As resolucións do Comité de Competición da ALN serán recorribles ante o órgano arbitral da Asociación (Xuíz Único). Quen desexara recorrer unha resolución do Comité de Competición da ALN ante o órgano arbitral da Asociación deberá, no prazo de sete (7) días hábiles a contar dende o seguinte o da súa comunicación, expresar á Xunta Directiva da ALN a súa intención de elevar a arbitraje a resolución en cuestión. A Xunta Directiva da ALN dará traslado do expediente ao Xuíz Único para que este resolva.

10.7. As resolucións do Comité de Competición serán inmediatamente executivas dende o momento da súa publicación e comunicación aos interesados. A interposición dunha apelación fronte a resolución do Comité de Competición da ALN ante o Xuíz Único da Asociación, non deixa sen efecto o previsto na mesma, salvo que o Xuíz Único aceda a concesión de calquera tipo de suspensión ou medida cautelar.

10.8. A desestimación íntegra proclamada na resolución polo Xuíz Único da ALN, fronte a unha reclamación ante este, elevada en relación cunha decisión do Comité de Competición da Asociación, suporá o abono polo apelante do total dos gastos que supoña, e en todo caso, un importe mínimo de 150,00€. Nos demais casos, será o Xuíz Único da ALN -na resolución que ditase- quen, á vista das actuacións efectuadas e vistas as circunstancias concorrentes, estableza o modo ou porcentaxe no que os custos serán satisfeitos.

Artigo 11.- REMEIROS/AS PROPIOS E NON PROPIOS

11.1. Remeiros/as propias:

Terán a condición de remeiros/as propios aqueles que cumpran as seguintes condicións:

11.1.1. Canteirán: Enténdese por canteirán dun club, aquel deportista (incluído o patrón/a) que poida acollerse a unha das seguintes situacións ou supostos:

11.1.1.1. Iniciar a práctica de remo nun club. Enténdese que un deportista inicia a práctica do remo nun club, cando cursara con ese club a súa primeira licenza federativa, con independencia da idade á que o fixera.

11.1.1.2. Ter militado nas categorías inferiores durante un período mínimo de tres tempadas aínda que non sexan consecutivas.

Enténdese que un deportista ten militado nas categorías inferiores dun club, pese a non iniciar á práctica do remo no mesmo, cando teña licenza de remo durante un mínimo de tres tempadas, aínda que non sexan consecutivas nas categorías inferiores dese club (enténdese exclusivamente por categorías inferiores ás correspondentes a xuvenil e inferiores).

11.1.1.3. A condición de canteirán non se perde en ningún momento da vida deportiva para os dous supostos anteriores.

11.1.1.4. Non computarán as cesións para adquirir as condicións anteriores.

11.2.1. Non canteirán:

Enténdese por non canteirán dun club, aquel deportista que poida acollerse a unha das seguintes situacións ou supostos:

11.2.1.1. Ter retornado á práctica do remo tras un período de inactividade.

Enténdese que un deportista retorna á práctica do remo cun club que, o pode considerar como "remeiro propio", cando se reinicie con ese club a actividade deportiva tras un período de inactividade.

Enténdese exclusivamente que, un deportista tivo período de inactividade ou de abandono da práctica do remo, cando non tivera licenza federativa de remo durante un período de tres ou mais tempadas consecutivas. Enténdese que se retorna á práctica do remo co club e co que se obtén a primeira licenza federativa, tras o período de inactividade da duración mínima indicada neste epígrafe.

No caso en que un deportista abandonase a práctica do remo por período menor de tres tempadas, se regresase á práctica do remo, terá a consideración de "remeiro propio" do club con que tiña tal condición no momento de producirse o abandono.

11.2.1.2. Ter pertencido a un club durante un período de tempo de tres tempadas consecutivas

11.2.1.3. Entenderase que un deportista pertenceu a un club, que o pode considerar como "remeiro propio" durante tres tempadas consecutivas, cando en cada unha delas, concorra algunha das seguintes situacións:

a) Estar en posesión de licenza federativa de remo exclusivamente a favor dese club, aínda que non tomara parte nas competicións.

b) Estar en posesión de licenza federativa de remo para representar a un club entre o 1 de xullo e ata o 30 de setembro de cada tempada en competición, aínda que se tivera en tal tempada máis dunha licenza federativa ou ter representado a máis dun club, ben por cesión ou por concederlle a carta de liberdade.

11.2.1.4. Calquera remeiro que adquira a condición de propio non canteirán por un club, perderá a condición anterior de propio non canteirán doutro club, non perdendo nunca a condición de propio canteirán adquirida polos supostos previstos.

Artigo 12.- CONTROIS ANTIDOPAXE

A Asociación Liga Noroeste resérvase o dereito de realizar tantos controis antidopaxe como foren precisos para velar polos intereses da competición e dos seus deportistas.

Todo elo en consonancia cos valores do deporte, e co obxecto de dar debido cumprimento ao encomendado polas administracións en materia de deporte e de protección da saúde pública.

Artigo 13.- CAMBIOS DE NORMATIVA.

As asembleas para a modificación de normativas deberán realizarse antes do 15 de decembro, de xeito que previo á inscrición inicial na Liga, os posibles participantes teñan unha normativa actualizada.

NORMATIVA ESPECIFICA NO CASO DE DÚAS LIGAS LGT

I.- ASCENSOS E DESCENSOS.

O derradeiro clasificado da Liga A non descenderá directamente.

Ascenderá directamente o primeiro clasificado da Liga B.

Disputarase unha promoción a dobre xornada entre o 11º e 12º clasificados da Liga A e o 2º e 3º clasificados da Liga B. Esta promoción outorgará unha única praza de ascenso

No caso de descenso dun club galego da ACT, implicaría que o vencedor da promoción quedaría na Liga B.

No caso de descenso de dous clubs galegos da ACT, implicaría o descenso do 10º clasificado da Liga A e así sucesivamente, salvo excepción de que o descenso dende a ACT afecte a un club filial, en cuxo caso, este último obtería o descenso automático á Liga B.

No caso de ascenso dun club galego á ACT, incrementaríase unha praza na Liga A que se ocuparía co segundo clasificado da regata promoción e así sucesivamente.

Todo o anterior estará suxeito a posibles baixas futuras que poidan darse de clubs de Liga A, en cuxo caso estas deberán ser completadas polo resto de clubs segundo a clasificación acadada na regata promoción. A efectos provisionais todos os equipos que participen na regata promoción terán consideración de clubs de Liga A, ata o momento de conformar as Ligas de forma definitiva na tempada seguinte.

A regata de promoción celebrarase a dobre xornada, contra-reloxo, con clasificación por puntos, e en caso de empate a puntos de dous ou máis equipos, teríase en conta o sumatorio dos tempos das dúas xornadas. A saída na primeira xornada será lanzada a 1´ entre participantes e a orde de saída virá determinada á inversa da clasificación xeral: 3º Liga B, 2º Liga B, 12º Liga A e 11º Liga A. A saída na segunda xornada será tamén lanzada a 1´ entre participantes e a orde virá determinada por orde inverso ao da clasificación da primeira xornada.

II.- MODIFICACIÓN DO SISTEMA DE COMPETICIÓN EN FUNCIÓN DO NÚMERO DE PARTICIPANTES.

Dada a variación no número de clubs participantes cada ano na LGT, é recomendable ter establecido como se procederá en vindeiras tempadas en función do número de equipos inscritos, de xeito que as clasificacións dun ano poidan ser tidas en conta o ano seguinte si é preciso modificar o sistema de clasificación.

O número de participantes da Liga A ha de ser dun mínimo de 12 clubs, no caso da Liga B o número de participantes adecuarase cada tempada en función do número total de clubs inscritos e das súas necesidades. Tendo en conta este número total poderase unificar nunha única Liga común.

Lembrar que co sistema exposto anteriormente, as regatas de promoción celebraranse moito antes de saber o número de inscritos para a seguinte tempada, polo que todo o mundo debe ter claro que os ascensos e descensos non serán efectivos ata que remate o prazo de inscrición do seguinte ano.

III.- REGATAS CONXUNTAS DAS DÚAS LIGAS.

Co fin de incrementar o calendario de regatas, mermado a priori pola segregación en dúas ligas, debe potenciarse dende a LGT a celebración de regatas conxuntas entre as dúas ligas.

Estas competicións disputaranse a dobre xornada:

Xornada do sábado con dúas quendas contra-reloxo conformadas polos equipos da Liga B na primeira quenda e os equipos da Liga A na segunda quenda.

Xornada do domingo cos 12 primeiros clasificados en 3 quendas segundo os resultados da xornada do sábado, independentemente da liga á que pertencen os equipos.

Deste xeito a xornada do sábado podería ser puntuable para cada unha das ligas, posto que non hai interferencia entre ligas, e a xornada do domingo, definiría a clasificación e reparto de premios da bandeira en cuestión.

IV.- EQUIPOS "B"

Serán os filiais de clubs que xa son socios da LGT, con praza na Liga A.

Os equipos "B" sempre participarán na Liga B.

En caso de descenso do equipo da Liga A, implica a non participación do "B" na Liga B.

Os equipos "B" non poderán participar nos PLAY-OFF de ascenso/descenso, excepto si o equipo A acada o acceso o PLAY-OFF de ascenso a ACT. Neste caso, si podería participar, e o posible ascenso ratificaríase a posteriori, unha vez coñecido o resultado do equipo A.

-Clubs "B" ACT

Os equipos "B" dos clubs ACT, comezarán na Liga B, e poderán optar o ascenso a Liga A.

No caso de estar participando o "B" na Liga A, o descenso do equipo ACT, implica o descenso do "B" a Liga B.

Os clubs que teñan unha embarcación na Liga A e máis na Liga B, ou unha na Liga ACT e máis outra na Liga galega (A ou B), poderán inscribir un máximo de seis (6) remeiros/as simultaneamente nos equipos A e B. Deses seis (6) remeiros/as só poderán competir simultaneamente no equipo A catro (4) por regata, e ata un máximo do 25% das regatas do calendario da Liga A, redondeando este resultado o número enteiro máis próximo, e á alta, e a partir dese número considerarase só remeiro da Liga A no equipo A, non podendo volver a formar parte do equipo B. Enténdese que eses seis remeiros/as non terán ningunha limitación á hora de competir co equipo B, podendo remar simultaneamente en calquera número de regatas no equipo B. Enténdese por regata "competida" ou "remada", aquela na que o remeiro forma parte do equipo que compite, non contando aqueles que aínda formando parte da folla de inscrición, non formen parte do equipo que rema finalmente.

No suposto de baixa xustificada de algún remeiro do equipo A, poderase cubrir cun remeiro do equipo B, co que automaticamente deixará de poder voltar a competir no equipo B.

V.- RENUNCIA.

Rematado o prazo de inscrición na ALN, un club de Liga A poderá renunciar á súa praza e competir na Liga B, sempre e cando exista un club de Liga B que desexe ocupar a súa praza vacante. No caso de haber máis de un club de Liga B interesado en ocupar devandita praza na Liga A decidírase pola clasificación xeral da tempada anterior.

O club renunciante deberá abonar 500€ á ALN e non poderá ascender á Liga A durante as próximas dúas tempadas.

O prazo para renuncias será ata a data na que se confeccione o calendario provisional da LGT.

No caso de que non exista ningún club da Liga B que considere asumir a praza vacante na Liga A, o club non poderá renunciar á súa praza e estará obrigado a participar na Liga que lle corresponde ou non poderá competir na LGT.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

A presente Normativa de Competición da LGT deroga tanto cantas outras normativas tivesen vido regulando aspectos nela contidos, coma cantos acordos tivesen sido adoptados no seo da Asociación e se opuxeran ao previsto neste corpo normativo.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.- Os cambios de Normativa han de ser aprobados por un mínimo de 2/3 da Asemblea. Para poder realizar cambios do 01 de maio ao 01 de setembro estes han de ser aprobados de forma unánime.

Segunda.- Para as votacións de modificacións de Normativas, aqueles clubs que paguen cota por inscribir varias embarcacións nas diferentes categorías, terán tantos votos como embarcacións inscritas.

Terceira.- A presente Normativa de Competición, entrará en vigor o día seguinte a súa aprobación pola Asemblea Xeral da ALN.

Cuarta.- A presente Normativa de Competición da LGT, foi aprobada polo Asemblea Xeral da Asociación na súa sesión celebrada o día **04 de xaneiro de 2023**.